
Propostas de Actividades

Concello de Chantada

Índice

1. Áreas de Intervención

I. Participación Social e Asociacionismo da Muller

II. Formación, Emprego e Conciliación

III. Educación e Cultura

IV. Benestar Social, Deporte e Saúde

V. Intervención Social e Violencia de Xénero

VI. Administración Pública

2. Anexos

1. Áreas de Intervención

I. Participación Social e Asociacionismo da Muller

Obxectivo específico: Favorecer a sensibilización e formación en igualdade de oportunidades ao tecido asociativo e á cidadanía en xeral.

Accións:

- ✓ Difusión do II Plan de Igualdade e das súas actuacións entre o tecido asociativo e a poboación de Chantada. Tanto ao inicio da súa posta en marcha como durante toda a vixencia do mesmo.

Observacións: para que o custo sexa o menor pódense empregar os medios de comunicación cos que conta o concello e o municipio: colgar o Plan no apartado habilitado na web do concello, facer un envío de mails ás asociacións, comerciantes... informando da súa existencia, transmitilo na programación de televinte e radio faro,..

- ✓ Promover actividades dirixidas á cidadanía para sensibilizar sobre o papel das mulleres e a súa problemática actual, mediante a programación dos actos conmemorativos do Día Internacional da Muller (8 de Marzo).

Observacións: algunhas das actividades que se poden levar a cabo poden ser: Reparto de folletos de sensibilización entre a poboación.

Cineforum onde se trate o tema da muller (consultar anexo para ver exemplos de películas, curtametraxes, anuncios, vídeos e campañas educativas).

O persoal do Cim pode acudir a algún medio de comunicación (radio ou tv) para tratar o tema da muller e abrir un foro de debate.

Organizar unha charla/reunión entre as mulleres de Chantada onde se fale das súas necesidades, preocupacións,...

- ✓ Impulsar actividades de formación relacionadas coa igualdade de oportunidades a todas as asociacións do municipio, conseguindo así un maior coñecemento deste principio fundamental.

Obxectivo específico: Promover a creación de asociacións de mulleres no concello e impulsar a continuidade daquelas que xa están funcionando.

Accións:

- ✓ Organizar eventos ou xornadas onde as protagonistas sexan as mulleres representantes de asociacións femininas en Galicia para fomentar a creación de asociacións de mulleres en Chantada.

***Observacións:** algunhas actividades que se poden levar a cabo poden ser:*

Excursión á Granxa As Maruxas como un exemplo real galego de éxito levado a cabo por mulleres rurais (cita previa 982 377 049).

Organizar unha charla á que acuda unha representante dunha asociación de mulleres de Galicia (ver o anexo para obter os datos de contacto de diferentes asociacións de mulleres en Galicia dispostas a dar unha charla no concello sobre a súa experiencia e actividade).

- ✓ Promover accións formativas sobre habilidades persoais e de comunicación, de liderazgo, novas tecnoloxías, planificación estratéxica ou de xestión de organizacións dirixidas ás mulleres do municipio.

- ✓ Propoñer ás diferentes asociacións do concello exemplos de actividades e/ou talleres que melloren a oferta de ocio e participación da muller na vida pública do concello.

Observacións: consultar o anexo coas suxestións de actividades e talleres.

- ✓ Dar continuidade á promoción, dinamización, apoio técnico e económico ás asociacións e colectivos que desenvolvan accións no concello.
- ✓ Continuar prestando asesoramento sobre subvencións e outros datos de interese para o asociacionismo.

II. Formación, Emprego e Conciliación

Obxectivo específico: Mellorar as oportunidades de empregabilidade da poboación do concello en xeral e das mulleres en particular.

Recoméndase as distintas áreas do concello que para por en marcha actividades formativas para o emprego e para a potenciación laboral da zona se contacte coa Asociación de Empresarios de Chantada para traballar de maneira conxunta e aunando recursos. Contacto: Verónica - 982462094 - <http://www.aech.es/>

Accións:

- ✓ Crear un recoñecemento á muller emprendedora en calquera ámbito da vida do concello para exemplificar o éxito deste colectivo no mundo laboral.

***Observacións:** Poderíase instaurar un premio anual no que o concello recoñece o traballo dunha muller do concello, con independencia de que sexa empresaria ou traballadora por conta allea, ...*

Pódese contactar con algunha das empresas da zona para que cedan algún produto que poida ser empregado como premio ou regalo (viño, queixo, etc...) aportándolle á empresa publicidade durante o evento.

Polo que o mesmo tempo estamos promocionando os produtos locais da zona.

- ✓ Continuar realizando xornadas formativas e informativas entre a colectividade feminina sobre como afrontar a busca busca de emprego.

***Observacións:** faise necesario que nestes cursos se fale das habilidades sociais e das novas tecnoloxías para a busca; como reforzar a motivación do candidato; elaboración do currículum; como afrontar unha entrevista de traballo,...*

- ✓ Facilitar ferramentas que reforcen esa busca, guías, folletos,...
- Observacións:* Reforzar o aprendido nestes talleres cunha guía práctica de emprego complementaria ao traballo realizado. A Área de Emprego podería elaborar uns folletos informativos cos consellos máis básicos para a busca de emprego: modelo de CV, que facer e non facer nunha entrevista de traballo...
- ✓ Programar nas distintas parroquias do concello accións formativas e de sensibilización que faciliten a inserción laboral da muller, así como a súa recualificación e promoción profesional.
- Observacións:* consultar o anexo coas suxestións de actividades e talleres.
- ✓ Priorizar ás mulleres nas actuacións e programas destinados a fomentar a creación de empresas.
- Observacións:* para aqueles cursos nos que as prazas son limitadas pódese reservar un mínimo delas para mulleres e intentar que se cubran publicitando e dinamizando o proceso de inscrición.
- ✓ Continuar prestando asesoramento sobre a creación de empresas e a súa viabilidade. Así como, sobre as subvencións e axudas para a pequena e mediana empresa.

Obxectivo específico: Fomentar unha cultura empresarial igualitaria para eliminar as discriminacións de xénero no mercado laboral.

Accións:

- ✓ Difusión do II Plan de Igualdade entre o tecido empresarial do municipio.

- ✓ Facerlles partícipes das actividades de sensibilización e promoción da igualdade.

Obxectivo específico: Orientar e facilitar á poboación do concello información sobre os novos requisitos para a obtención de Certificados de Profesionalidade.

Accións:

- ✓ Dar continuidade a difusión de información sobre as modificacións introducidas e os requisitos esixidos.

Observacións: a continuación sinálanse as vías de contacto onde obter información sobre o tema:

CONSELLERIA DE EDUCACION (Santiago de Compostela): Persoas de contacto: Blanca (981 546 562) e Antonio (981 546 549) - www.edu.xunta.es

Recomendan ter a ESO como mínimo para poder acceder a calquera traballo. Para obter a ESO hai varias formas: débese cursar materias de ámbito de comunicación, científico e sociedade.

1. Presencial: 19-20 horas á semana de clase.
2. Semipresencial: 2 horas á semana de clase para os ámbitos de comunicación e científico; 1 hora á semana para o ámbito de sociedade.
3. On line: só hai que acudir aos exames.
4. Libre: convocatoria de exames (tipo test). Na páxina web pódense consultar modelos de exámen.

CONSELLERIA DE EDUCACION - FORMACIÓN PROFESIONAL (Santiago de Compostela): Personas de contacto: Dolores Vázquez Froján e José Antonio (981 540 219) - www.edu.xunta.es/FP

Se tes un FP Grao Medio (para acceder a el necesitas ESO ou equivalente) ou un FP Grao Superior (para acceder a el necesitas Bacharel ou equivalente): por validación accédese directamente ao certificado de profesionalidade.

Se non tes a ESO hai que facer un exame de Competencias Clave (depende da Consellería de Traballo). Tanto a Consellería de Educación como a de Traballo dá formación para as Competencias Clave.

Se tes máis de 3 anos de experiencia laboral ou máis de 300 horas de formación nas competencias concretas, accedes ao Proceso de Acreditación de Competencias (un tribunal decide se se acreditan ou non).

Certificado de profesionalidade expídeo a Consellería de Traballo e pode ser de Grao II ou III, correspondentes case coas titulacións de FP Grado Medio e Superior. Máis información en Departamento de Orientación de calquera centro de FP.

CONSELLERIA DE TRABALLO (Santiago de Compostela):

As Competencias Clave só serven para facer cursos que dean dereito ao Certificado de Profesionalidade.

Convocatoria no DOGA: a proba realízase en Silleda, a inscrición é gratuíta. Pódese examinar de todas as competencias (Lingua Castelá, Lingua Galega, Matemáticas, Lingua Estranxeira, Ciencia, Tecnoloxía, Dixital) ou só das que che interese.

Máis información no 981 545 400 ou no logotipo "Competencias Clave" de <http://traballo.xunta.es>

Obxectivo específico: Promover a contratación da poboación do concello en xeral e das mulleres en particular.

Accións:

- ✓ Seguir promovendo e publicitando a bolsa de emprego do concello.
- ✓ Dar continuidade á intermediación realizada pola Técnico de Emprego coas empresas da zona, para coñecer as súas necesidades de contratación e facilitarlles perfís profesionais para a súa inserción laboral.

Observacións: Organizar unha xornada promovida polo concello onde se dea a coñecer á poboación demandante de emprego as características do tecido empresarial da zona, e sobre todo as súas necesidades de contratación, perfís máis demandados, formación que requiren, que tipo de competencias persoais valoran,....

- ✓ Difundir e publicitar entre o empresariado as subvencións e axudas para a contratación.

Obxectivo específico: Desenvolver medidas no ámbito das competencias municipais que favorezan a conciliación familiar, laboral e persoal.

Accións:

- ✓ Manter as ofertas, prazas e servizos de conciliación ofrecidas polo concello (centro de día, escolas deportivas, campamentos, ...).
- ✓ Dar continuidade o servizo de ludoteca durante os períodos vacacionais dos nenos e nenas de Chantada (nadal, verán,...)
- ✓ Impulsar dende a biblioteca municipal a creación dun clube de lectura para mozos e mozas.

III. Educación e Cultura

Obxectivo específico: Fomentar e difundir as producións artísticas das mulleres.

Accións:

- ✓ Continuar facilitando os espazos municipais para a difusión cultural e artística (fotografía, pintura, manualidades,...) das mulleres de Chantada.
- ✓ Apoiar as actividades culturais e de ocio que realicen as distintas asociacións ou grupos de mulleres.

Observacións: o apoio dende o concello pode ser económico, facilitando as instalacións que precisen, poñendo a súa disposición persoal técnico, publicitando dende as canles do concello as súas actividades,...

Obxectivo específico: Integrar a educación en igualdade en todas aquelas actividades do concello dirixidas aos máis novos.

Accións:

- ✓ Continuar promovendo o principio de igualdade entre xéneros a través das actividades socioeducativas que se realizan cos nenos e nenas de Chantada.

Observacións: manualidades, xogos populares, clases de pintura,...

- ✓ Seguir fomentando a igualdade entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero a través dos programas educativos desenvolvidos dende os servizos sociais.

Observacións: Tentar introducir en todas as formacións que se programen dende o concello un módulo de igualdade.

- ✓ Continuar integrando a igualdade nas actividades de lectura organizadas pola biblioteca do concello.

Observacións: Algunhas actividades que poden ser de interese: Contacontos de igualdade, Obradoiro de ilustración, Contacontos con marionetas, Dramatización de contos para nenos, cine infantil en igualdade,.. (consultar o anexo coas suxestións de libros, obras teatrais e películas coa temática da igualdade).

- ✓ Organizar charlas ou campañas de sensibilización que traballen a prevención e seguridade dos menores en internet, sobre o acoso nos centros educativos, prevención do consumo de drogas...

Observacións: Invitar a un policía que explique os perigos das novas tecnoloxías entre os máis mozos, sobre o bullying e o perigo das drogas....

Repartir folletos informativos sobre que é o bullying ou acoso nas aulas, teléfonos de axuda ao menor,...

- ✓ Levar a cabo campañas de sensibilización entre os nenos e nenas dos centros educativos sobre temas de igualdade: compartir en igualdade o traballo doméstico, os coidados e as responsabilidades familiares,...

Observacións: Ver a posibilidade de levar exemplos de mulleres traballadoras do concello e homes que se adiquen ás labores domésticas para mostrar aos máis pequenos os distintos modelos familiares.

Repartir entre os nenos dos centros educativo folletos informativos sobre a igualdade.

Propoñer aos centros educativos e biblioteca os exemplos de actividades que se anexan.

- ✓ Elaborar unha guía para pais e nais sobre educación en igualdade e repartición equitativa de tarefas domésticas.

*Observacións: Ademais da difusión da guía faise necesario levar a cabo talleres nos que traballen conxuntamente as nais e os pais, cos seus fillos. Co obxectivo de que non sexan sempre as nais as que participen, e así introducir a figura do pai na educación dos menores: “cociñamos todos”, “papá contacontos”,...
Achégase tamén folletos informativos para entregar aos pais.*

Obxectivo específico: Valorar e fortalecer as aportacións das mulleres dentro da programación cultural do concello.

Accións:

- ✓ Promover a participación dos colectivos de mulleres no deseño da oferta cultural e de ocio, onde se inclúan as preferencias e necesidades das mulleres.

Observacións: ver anexo con exemplos de actividades de interese.

- ✓ Integrar na oferta cultural do concello actividades que promovan a mellora da autoestima das mulleres e as súas habilidades sociais.

Observacións: Recoméndase levar a cabo cursos de temática do tipo: mellora da autoestima, habilidades de negociación no entorno familiar e doméstico, habilidades de resolución de conflitos no entorno familiar,...

- ✓ Dar continuidade a “semana do cine e do teatro” incorporando na súa programación a contratación de obras que exemplifiquen a realidade da colectividade feminina, xa para fortalecela, xa para sensibilizar sobre temas de interese para este colectivo.

Observacións: consultar o anexo coas suxestións de obras teatrais e películas coa temática da igualdade.

IV. Benestar Social, Deporte e Saúde

Obxectivo específico: Informar sobre os hábitos de vida saudables e previr sobre as consecuencias de non adoptar estes hábitos.

Accións:

- ✓ Continuar promovendo charlas entre as familias e mozos/as do concello, sobre hábitos saudables en relación coa alimentación e a práctica deportiva. Informando sobre os prexuízos derivados do consumo de tabaco, alcohol e/ou drogas, tendo en conta a perspectiva de xénero.

Observacións: *pedir a colaboración do persoal sanitario do concello, un técnico en dietética-nutrición de Chantada, asociacións ou monitores das escolas deportivas para a impartición destas charlas.*

- ✓ Mantemento de actividades educativas para as familias sobre a educación afectivo-sexual responsable, incorporando a perspectiva de xénero.

Obxectivo específico: Impulsar estratexias de autocoidado nas mulleres coa finalidade de que poidan previr e afrontar situacións de estrés e ansiedade.

Accións:

- ✓ Apoiar a realización de charlas ou xornadas nas distintas parroquias do concello sobre temas de interese para as mulleres.

Observacións: *Exemplos de temáticas a tratar: Coidados e riscos durante o embarazo e a lactación; puerperio (6-8 semanas despois do parto).*

Anticoncepción, planificación familiar e sexualidade responsable.

Menopausa.

Anorexia e bulimia.

Diabetes

Cancro de mama e a súa detección precoz.

Fibromialxia, fatiga crónica, síndrome químico e lupus.

Ictus e enfermidades cardiovasculares.

Enfermidades de transmisión sexual.

Virus do papiloma humano.

Vacinas.

Alimentación e nutrición.

Deportes e actividade física axeitada a mulleres.

Condromalacia rotular (abrandamento da cartilaxe máis propensa a aparecer en mulleres).

Osteoporose.

Coidados da pel: ante o sol, cosméticos, piercings e tatuaxes.

Charlas sobre saúde: anorexia e bulimia en adolescentes.

Tabaquismo.

Drogodependencia.

Enfermidades mentais, Alzheimer e outras demencias

Proposta de asociacións relacionadas con estas temáticas:

Asociación Española contra o Cancro: 982 250 809; lugo@aecc.es; www.aecc.es

*Asociación Galega de Fibromialxia (AGAFI): 981 574 593; g Galicia@agafi.es;
www.agafi.org*

*Asociación Galega contra as enfermidades neuromusculares (ASEM): 986 378 001;
www.asemgalicia.com*

*Federación Gallega de Asociaciones de Diabéticos (FEGADI): 981 246 711;
info@diabetescoruna.org; www.diabeticosgalegos.org*

*Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecoloxía: 981 216 416; info@congrega.es;
www.congrega.es*

- ✓ Promover actividades dirixidas a mulleres cuidadoras de persoas dependentes para prever e afrontar situacións de estrés e ansiedade.

Observacións: Exemplos de temáticas a tratar: A importancia da comunicación interpersonal; O estrés como unha resposta humana; O final da vida e a perda; Como afrontar a soidade e o illamento; Prevención da depresión e a ansiedade; Autocoidados para persoas cuidadoras,...

Para a súa impartición pódese ver a posibilidade de contar con persoal interno do centro de saúde de Chantada ou da Cruz Vermella que xa ten un espazo especializado neste tema: <http://www.sercuidador.es/>

- ✓ Promover a realización de actividades que reforcen a calidade de vida e autoestima das mulleres (talleres de risoterapia, talleres de memoria, ximnasia de mantemento,...)

Obxectivo específico: Dar continuidade a oferta de actividades lúdico-deportivas vinculados a poboación feminina.

Accións:

- ✓ Apoiar actividades que promovan o exercicio físico e un estilo de vida activo.
Observacións: algúns exemplos de actividades poden ser clases de ximnasia para maiores de 65 anos, clases de baile, Tai-chi, loga, pilates, aeróbic, fitness, natación, aquagym, danza do ventre, defensa persoal, andainas,...

- ✓ Mellorar a difusión e publicidade da oferta deportiva e saudable que organiza o concello entre as mulleres e as asociacións.
Observacións: Solicitando a colaboración, por exemplo, das empresas da zona á hora de repartir entre os clientes o programa de actividades, difundindo a información dende os centros educativos e de saúde, medios de comunicación (radio, tv, web..), asociacións,..

- ✓ Seguir impulsando dende as escolas deportivas actividades saudables non estereotipadas en función do xénero, e fomentar a participación de nenos e nenas a través da creación de equipos mixtos.
Observacións: algúns exemplos poden ser o xadrez, baloncesto, karate, deportes de raqueta, ...

V. Intervención Social e Violencia de Xénero

Obxectivo específico: Fomentar e publicitar o acceso á información e asesoramento sobre os recursos que o concello pon ao alcance das mulleres que sofren violencia de xénero.

Accións:

- ✓ Manter os servizos e recursos existentes para a atención a vítimas de violencia de xénero (Centro de Información ás Mulleres de Chantada).
- ✓ Seguir facilitando información ás mulleres en xeral, e ás vítimas de violencia de xénero en particular, acerca de temas xurídicos e axuda psicolóxica.

Obxectivo específico: Sensibilizar á poboación sobre as diferentes manifestacións da violencia de xénero a través de actividades informativas nos diferentes ámbitos sociais.

Accións:

- ✓ Promover campañas de sensibilización contra a violencia de xénero en espazos de atención sanitaria.

Observacións: Achégase folleto informativo para uso e difusión.

- ✓ Desenvolver actividades para a prevención da violencia de xénero no ámbito educativo.

Observación: Recoméndase que o persoal do Cim organice charlas nas que participen mulleres que foron vítimas de violencia de xénero, talleres sobre a igualdade de trato, informar sobre os recursos dispoñibles,... para concienciar e sensibilizar aos menores dende o ámbito educativo.

- ✓ Divulgar os recursos de atención en materia de violencia de xénero que existen no concello.
- ✓ Continuar coa celebración a nivel municipal do 25 de novembro (Día contra a Violencia de Xénero).

Observacións: Realizar proxección de películas, cine-coloquios ou ciclos de cine relacionados con esta temática. Consultar táboa anexa con títulos de interese.

Obxectivo específico: Mellorar a re-adaptación das vítimas a unha situación de benestar e control en todos os aspectos da vida.

Accións:

- ✓ Na medida en que os recursos e medios do concello o posibiliten, poñerase a disposición da muller maltratada os recursos de urxencia necesarios para asegurar o seu benestar.
- ✓ Fomentar a inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero mediante a inclusión en programas formativos ou de emprego.

VI. Administración pública

Obxectivo específico: Incorporar a perspectiva de xénero nas políticas municipais do concello de Chantada, estendendo qo persoal municipal a sensibilización sobre a necesidade de alcanzar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Accións:

- ✓ Difusión e presentación do II Plan de Igualdade de Oportunidades a todas as áreas e servizos municipais dos que se compón o concello.
- ✓ Levar a cabo accións de capacitación para o persoal do concello (político e técnico) en materia de Igualdade de Oportunidades.

Observacións: mediante a repartición de folletos informativos entre o persoal do concello nos que se trate a igualdade dende o punto de vista da administración pública.

- ✓ Incorporar a variable sexo en estatísticas, estudos e investigacións que se leven a cabo polos servizos municipais.
- ✓ Favorecer a utilización dunha linguaxe e de imaxes non sexistas e dos valores de igualdade na información municipal proporcionada á cidadanía.

Obxectivo específico: Informar e facer participe á poboación do traballo que leva a cabo o concello en pro da igualdade.

Accións:

- ✓ Informar a través da web do concello de todas as actuacións e información relevante en materia de igualdade.

Observacións: recoméndase empregar o espazo habilitado para a difusión do Plan de Igualdade para informar doutras actividades que se leven a cabo sobre a mesma temática.

- ✓ Fomentar e promover as relacións coas administracións, institucións e/ou entidades que teñan por finalidade alcanzar a igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- ✓ Difundir entre a cidadanía, axentes dinamizadores do concello e organismos públicos este Plan de Igualdade.

2. Anexos

Longametraxes, curtametraxes e outros vídeos divulgativos.

TITULO LONGAMETRAXES	DIRECTOR	CLASIFICACIÓN	CLASIFICACIÓN POR IDADES
Ay, Carmela!	Carlos Saura	Drama, bélico	Maiores de 13 anos
Señora de	Patricia Ferreira	Documental	Todos os públicos
Billy Elliot (Quiero bailar)	Stephen Daldry	Comedia	Maiores de 13 anos
Solas	Benito Zambrano		Maiores de 13 anos
Hombres, hombres	Doris Dorrie	Comedia	Todos os públicos
Bread and Roses (Pan y rosas)	Ken Loach	Drama	Maiores de 13 anos
Enough (Nunca más)	Michael Apted	Drama, suspense	Maiores de 13 anos
Boy's don't cry	Kimberly Peirce	Melodrama	Maiores de 18 anos
Espelho meu	Vivian Altman	Documental	
Candidata al poder	Rod Lurie	Comedia	Maiores de 7 anos
La fuente de las mujeres	Radu Mihaileanu	Comedia dramática	
Erin Brockovich	Steven Soderbergh	Drama	Todos os públicos
Ágora	Alejandro Amenábar	Drama histórico	Maiores de 12 anos
Te doy mis ojos	Icíar Bolláin	Drama	Maiores de 13 anos
El color púrpura	Steven Spielberg	Melodrama	Maiores de 13 anos

Juno	Jason Reitman	Comedia dramática	Maiores de 12 anos
Emilia Pardo Bazán. La Condesa Rebelde	Zaza Ceballos		
Mulan	Barry Cook e Tony Bancroft		
Madame Bovary	Claude Chabrol		
Un asunto de mujeres	Claude Chabrol		
No sin mi hija	Brian Gilbert		
Mujeres insumisas	Alberto Isaac		

TITULOS CURTAMETRAXES	DIRECTOR	CLASIFICACIÓN	CLASIFICACIÓN POR IDADES
Éramos pocos	Borja Cobeaga	Comedia	
Querida abuela			
Globos de agua			
Nena	Lluis Segura	Comedia	
Fermina			
Igual que tú	Jóvenes Cinema Jove de Valencia		
Ausencias	Nely Reguera	Drama	
Algo queda	Ana Lorenz		
El porvenir	Laudena Brostok	Drama	
La talla 38			
Guerriller@s	Montse Pujantell	Documental	Maiores de 7 anos
As damas negras	Sonia Mendez	Thriller	
Uniformadas	Irene Zoe Alameda	Drama, ficción	
¿Te vas?	Cristina Molina		
Escúchame	Mabel Lozano		

Una flor en recepción	Marta Parreño	Romántico	
Igualdad de género	Animamax	Animación	
Invisibles	Xavier Cruzado		
Amores que matan	Iciar Bollaín	Corto-Drama	
A golpe de tacón	Amanda Castro	Ficción histórica	
Papás y Mamás- Mummies & daddies	Proyecta Films: Marisa Crespo y Moisés Romera	Curtametraxe	
Nunca es tarde para hacerte valer	Gracia Querejeta	Curtametraxe	

TITULOS OUTROS (anuncios, reportaxes, vídeos, etc.)	DIRECTOR	CLASIFICACIÓN
Vídeo sobre Coeducación: El sueño imposible		
Vídeo: Diario de Sara	El Mundo	Vídeo divulgativo
Seis grados	Universidad de Burgos	Anuncio publicitario
La discriminación genera violencia	Amnistía Internacional	Anuncio publicitario
Abre tu puerta	Andrés Chueca	Anuncio publicitario
Celebrando el 8 de marzo	Basado en un poema de Gioconda Belli	Montaxe audiovisual
Campaña Uso no sexista de los Juguetes		Spot publicitario
Las sabias de la tribu	Vídeo de rtve	Reportaxe informativa
Violencia sexual, la guerra invisible	Informe Semanal	Reportaxe informativa

Coloquio película Mataharis	Versión española	Programa de cine
Concienciados con la igualdad	59 segundos	Programa de debate
Elvira Mínguez es Clara Campoamor	La mañana de la 1	Programa de televisión
Clara Campoamor, la mujer olvidada	rtve	Reportaxe informativa
Igual-es	rtve	Reportaxe informativa
No llores, mujer	Documentos TV	Reportaxe informativa
Esencia de mujer	La noche temática	Reportaxe informativa
Madrid Woman's Week	rtve	Entrevista
Feminicidio SA	En Portada	Reportaxe informativa
Beatriz Galindo. La sombra del poder	M ^a Teresa Álvarez	Vídeo divulgativo
Concepción Arenal. La fuerza de un ideal	M ^a Teresa Álvarez	Vídeo divulgativo
Ilustración y mujeres. Condesa de Benavente. Condesa de Montijo. Josefa Amar y Borbón	M ^a Teresa Álvarez	Vídeo divulgativo
Isabel de Farnesio (1692-1766): Reina	M ^a Teresa Álvarez	Vídeo divulgativo
Juana de Austria: Infanta de España, Princesa de Portugal	M ^a Teresa Álvarez	Vídeo divulgativo

Juana la Beltraneja: la soledad de una mujer	M ^a Teresa Álvarez	Vídeo divulgativo
La princesa de Éboli. El silencio de la muerte	M ^a Teresa Álvarez	Vídeo divulgativo
Las románticas	M ^a Teresa Álvarez	Vídeo divulgativo
Leonor López de Córdoba. El interés de una autobiografía	M ^a Teresa Álvarez	Vídeo divulgativo
Leonor Plantagenet: una princesa en la corte castellana	M ^a Teresa Álvarez	Vídeo divulgativo
María de O Lejárraga. Silencios de mujer	M ^a Teresa Álvarez	Vídeo divulgativo
María de Molina: la Reina Sabia	M ^a Teresa Álvarez	Vídeo divulgativo
María Pacheco: una mujer en el movimiento comunero	M ^a Teresa Álvarez	Vídeo divulgativo
María Zayas: una mujer sin rostro	M ^a Teresa Álvarez	Vídeo divulgativo
Rosario Acuña. ¿Leyenda o realidad?	M ^a Teresa Álvarez	Vídeo divulgativo
Sor María de Agreda: la dama azul	M ^a Teresa Álvarez	Vídeo divulgativo
Teresa Cabarrús. El poder de la belleza	M ^a Teresa Álvarez	Vídeo divulgativo
Pequeñas consecuencias, grandes diferencias. Chinchetas rosas	Brigitte Aschijanden	Vídeo divulgativo
Entre la cuadra y la cocina	Asociación La Farola	Vídeo divulgativo
Con las mujeres avanza el mundo	Background/TV	Vídeo divulgativo
Mujer y trabajo	Socorro Cuenca e Pilar García Elegido	Vídeo divulgativo
Aprender la corresponsabilidad	Emakunde	Vídeo divulgativo

¿Qué papel juegas tú?	Equipo de Comunicación e Orientación Educativa	Vídeo divulgativo
A por todas	Instituto da Muller	Vídeo divulgativo
Al sur	Instituto da Muller	Vídeo divulgativo
Anuncios en televisión	Instituto da Muller	Vídeo divulgativo
Cuestión de sexo (1)	Instituto da Muller	Vídeo divulgativo
Cuestión de sexo (2)	Instituto da Muller	Vídeo divulgativo
III Milenio	Instituto da Muller	Vídeo divulgativo
La mujer y el deporte: Franquismo y Actualidad	Instituto da Muller	Vídeo divulgativo
La publicidad y las niñas	Instituto da Muller	Vídeo divulgativo
Mujeres para una década de feminismo	Instituto da Muller	Vídeo divulgativo
Prostitución y Proxenetismo	Instituto da Muller	Vídeo divulgativo
Decide tu juguete. ¡Compartir es divertido!	Instituto da Muller e Ministerio de Asuntos Sociais	Vídeo divulgativo
Mujer y publicidad en TVE	K. James & Asociados	Vídeo divulgativo
La mujer en la publicidad II	Cristina Peña e Martín Carmen Belmonte	Vídeo divulgativo
China: Quinientos millones de desconocidas	Carmen Sarmiento	Vídeo divulgativo
El precio de la novia	Carmen Sarmiento	Vídeo divulgativo
